

Mesa Tripartita: A UGT demostra que o goberno de Galicia engana aos Traballadores/as da Concertada.

O Partido Popular, xunto o resto da dereita política, saíu á rúa a defender á educación concertada. Semella que non entenden que a educación concertada é moi ampla e non son só as empresas, tamén son as familias, son os alumnos/as, e son os traballadores/as.

Pero onde goberna o Partido Popular só defende os intereses das empresas do ensino concertado, porque aos seus traballadores maltrátaos sistematicamente. Nada mais fácil de demostrar:

- ✓ **DESDOBRES COVID:** Para contratar a persoal e cubrir os desdobres COVID crearon unha subvención, opaca, que non negociaron con ninguén, onde non recollen e non pagan o complemento autonómico (350 €) a antigüidade e os complementos asociados á dirección. Isto no se atreveron a facelo na pública, (pero o goberno do partido popular di que defende á concertada)
- ✓ **A XUBILACIÓN PARCIAL:** O 31 de decembro de 2.018 rematou o acordo de Xubilación Parcial (XP) para os traballadores e traballadoras do ensino concertado que garantía un axeitado relevo xeracional.

Na UGT fixémonos a seguinte pregunta; canto custa a XP?

- No peor dos casos a xunta debería sufragar o 50% da seguridade social que podería supoñer, para un docente de infantil, primaria ou especial un máximo de 350 € e en secundaria un máximo de 450 €
- O 50% da antigüidade dun docente de infantil ou primaria con 10 trienios serían 190 € e en secundaria 240 €
- É dicir, 160 € de diferenza en primaria e 110 € en secundaria.

Ademais, debido á situación actual, numerosos traballadores e traballadoras, maiores de 61 anos son persoal especialmente sensible, con perigo de complicacións graves nunha hipotética infección.

Acaso non sería un bo momento para acadar un novo acordo (por un máximo de 160 €) que proporcione un tránsito mais sinxelo á xubilación definitiva para os traballadores de maior idade e permita un relevo xeracional tan necesario no ensino?

- ✓ **ACORDO DE MANTEMENTO DE EMPREGO:** O descenso demográfico obrigará a pechar unidades, o goberno da xunta sabeo, e teno calculado. Se realmente defenden á concertada aceptarían un acordo de modo que, se alguén perde o seu posto de traballo por perda de unidades (ou despedimentos improcedentes), esta administración tería previsto un plan de recolocación dos traballadores/as que se vexan nesta triste situación. Un acordo que xa existía, que este goberno deixou morrer e non quixo volver a asinar.
- ✓ **PAGO DELEGADO PARA O PAS:** É unha cuestión de xustiza, racionalización e control do gasto público. En vez de recibir o centro educativo unha subvención e este pagarlle aos traballadores, se a administración paga directamente a este colectivo, vai poder ter un control directo do destino destas partidas orzamentarias e acabar coa discriminación deste colectivo fronte aos seus compañeiros de traballo. Canto lle custa isto á administración? CERO, repito, CERO. NADA. Só é cuestión de diferenciar o pago delegado do PAS coa subvención para gastos de mantemento para a empresa. Por qué non se fai? A resposta é moi simple, porque para o goberno do partido popular a concertada só é a parte empresarial, logo, como un resorte só pensamos nos empresarios, non nos traballadores (cartiños para os empresarios que, malo será, que non repartan ben).
- ✓ **PAGA DE ANTIGÜIDADE:** e un problema enquistado que afecta soamente á nosa Comunidade Autónoma dende o ano 2010 e ao que hai que dar unha solución urxente e definitiva, a Consellería non pode alegar indefinidamente falta de orzamento para xustificar a súa denegación.

Que precisan para desatascalo? Prazos de pagamento amplos. Compromiso formal de parar todos os recursos e darlle unha saída soamente a través dun acordo?

Busquemos unha solución: estamos dispostos a propoñer que se modifique a actual PEA, que consistía nun pago único, equivalente a cinco mensualidades por outro complemento asociado á antigüidade e á formación. Estamos a falar dos SEXENIOS. Transformemos a PEA en SEXENIOS.

Cantabria xa paga sexenios, Baleares tamén, Andalucía está en negociacións ben avanzadas. Nós abrimos a porta a negociar a PEA de todos os xeitos posibles, sen perder dereitos, pero facilitando

a financiación da mesma. Pero tamén advertimos que, se non se producen avances, iniciaremos mobilizacións nun breve prazo de tempo.

- ✚ A comunidade galega foi a primeira, e durante oito anos a única que non abonou a PEA.
- ✚ Moitas comunidades asinaron acordos de prorroga da Xubilación Parcial, Ceuta e Melilla o mes pasado.
- ✚ En Valencia, Andalucía, Navarra, Baleares, Aragón, Extremadura, Madrid Ceuta, Murcia, Canarias pagan o salario normal, con todos os complementos ao profesorado contratado para facer desdobres COVID.

Pero o Goberno do Partido Popular de Galicia segue dicindo que defende á concertada.

Basta Xa de Medias Verdades. Basta Xa de Mentiras.

O partido popular defende só ós empresarios da Concertada a costa do seus traballadores e traballadoras.

NON NOS DEIXEMOS ENGANAR.

Sindicato Nacional de Ensino Privado